



COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

ACTA 29 – REUNIÓN XUNTA DIRECTIVA 21/09/2019

Data:	21 de setembro de 2019	
Hora de comezo:	16:05	
Hora de remate:	19:30	
Lugar:	Residencia Universitaria Monte da Condessa – Santiago de Compostela	
Asistentes:	Eloy Bretal Cancelas	Presidente do CGX
	Ángel López-Montesinos Vázquez	Vicepresidente do CGX
	Guillermo Sandino Leira	Secretario do CGX
	Elena Álvarez Mondelo	Vogal delegación de Ourense
	Berta Bretal Cancelas	Vogal delegación de Pontevedra
	Andrés Anxo Pérez Sánchez	Vogal delegación de Santiago
	M ^a Concepción Pérez Cerdeira	Vogal delegación de Vigo
	Begoña Rodríguez Quintia	Vogal delegación de Ferrol
	Montserrat Barrio Rodríguez	Vogal delegación de Valdeorras
	Jorge Blanco Chao	Vogal asesor de ruta
	M ^a Dolores Rojas Suárez	Vogal asesora de marcha
	Manuel Garrido Toro	Vogal asesor de saídas
	Rocío López Schmidt	Vogal delegación de A Coruña
	Ángel Fidalgo Vázquez	Vogal asesor de FF
	David Corredoira Vázquez	Vogal delegación de Lugo
Ausentes:	Rubén Martínez Vega	Vogal asesor de formación de FF



ACTA DA REUNIÓN

Ábrese a reunión ás 16:05 o presidente solicitando a inclusión na ordeo do día a elección das propostas a xuíz novel e xuíz do ano para ser remitidas ao CNJ. Non hai oposición a esta inclusión por parte dos presentes.

A Xunta Directiva garda un minuto de silencio na honra do membro da xunta e xuíz do CGX Francisco Javier Guijarro Díaz, recentemente falecido. O presidente traslada os pésames do CNJ e de diversos presidentes de comités autonómicos a esta Xunta Directiva.

Comeza o turno do informe do presidente: fai fincapé no caótico do calendario. Agradece sobre todo ás delegacións de Vigo, Pontevedra e A Coruña por a súa implicación desprazando xuíces a outras delegacións. Destácase o incremento de desprazamentos na delegación de Santiago, o cal é boa nova.

Coméntase o acontecido no campionato de España de Ortigueira. Recálcase a necesidade de nomear un Director Técnico nas probas homologadas que revise o circuito en base ao certificado de homologación

Coméntase tamén o tema de uniformidade e licenzas. Destacando que pese a que a FGA incrementou todas as licenzas este ano, as de xuíces mantense en 20€ sen incrementos.

Trasládase o calendario para esta tempada. Destacando a súa elaboración conxunta con dous membros do CGX.

Continuase co punto no que se someten a estudo e aprobación os criterios para actuar no campionato de España absoluto de Pista Cubierta. O secretario informa do borrador do mesmo. Tras un debate procédese a votación:

Votación: Criterios para a elaboración do xurado do Campionato de España absoluto de pista cuberta

Votos a favor: 15 Votos en contra: 0 Abstencións: 0

Trasladarase aos xuíces tras a reunión para o seu coñecemento.

Seguinte punto: Seminarios CNJ a celebrar en Galicia:

Sobre o seminario de Dirección Técnica, incídese na necesidade de enviar antes de finais do mes de setembro os candidatos para o seminario do 23 e 24 de novembro. Han ser xuíces que actúe e que sexan operativos. Suxírese enviar 2 ou 3 por delegación. Estase insistindo ao CNJ para meter a 2 por delegación.

Sobre o seminario de marcha: Dolores explica o que temos actualmente. Plantexa solicitar un seminario pero facendo formación local previa coordinada por ela mesma. Elaborará un PowerPoint que trasladará ás delegacións para que os xuíces seleccionados para a formación utilicen todos o mesmo material



Sobre os exames de nivel 1: Cámbiase o lugar de realización do exame de nivel 1 de Pontevedra a Ourense por temas loxísticos.

Plantéxase o pago dunha dieta os formadores de xuíces nivel 1 nas delegacións. O presidente comenta que non se ten cobrado nunca e este CGX non ten capacidade económica para elo.

Trasládase que este CGX non ten previsto facer máis exames de nivel autonómico xa que cada vez é máis necesario os xuíces de nivel 1. Hai un consenso xeral sobre este tema.

Tras 10 minutos de receso, retómase a reunión coa elección da proposta de candidato a xuíz novel do ano para enviar ao CNJ. Tras unha primeira votación permitindo ata 3 candidatos por persoa estes son os resultados:

Patricia Verónica del Río – 4 votos

David Ferrer – 14 votos

Daniel Seijo – 7 votos

Patricia Quintas – 0 votos

David Corredoira – 3 votos

Christian Paradelo – 5 votos

Realízase unha segunda votación cos 3 candidatos máis votados, permitindo 1 candidato por persoa. Estes son os resultados

David Ferrer – 11 votos

Daniel Seijo – 2 votos

Christian Paradelo – 1 voto

En branco: 1 voto

A proposta de candidato a xuíz novel do ano da Xunta Directiva do CGX será David Ferrer Fernández.

Procédese a debater as propostas para candidatos a xuíz do ano. Hai 3 propostas: Loreto Pérez Román, Manuel Garrido Toro e Guillermo Sandino Leira. Realízase unha votación permitindo 1 candidato por persoa. Estes son os resultados:

Manuel Garrido – 7 votos

Guillermo Sandino – 5 votos

Loreto Pérez Román – 0 votos



En branco – 3 votos

A proposta de candidato a xuíz do ano da Xunta Directiva do CGX será Manuel Garrido Toro.

Procédese a debater as propostas para candidatos a placa Ramón Docal 2019. Hai 2 propostas: Fermín Bescansa Hernández e Mercedes García Cayo. Realízase unha votación seguindo o regulamento da placa. Estes son os resultados:

Fermín Bescansa Hernández - 7 votos

Mercedes García Cayo - 6 votos

En branco - 2 votos

A placa Ramón Docal 2019 concédese a Fermín Bescansa Hernández.

Rematados os puntos da orde do día, procédese ao turno de Rogos e Preguntas:

Traslada Ángel Fidalgo información sobre a formación de foto-finish por parte de Rubén Martínez. Proponse de prazo ata final de outubro para planificar a formación. Tras un debate sobre a necesidade de operadores e problemática sobre quen é o responsable de mover a cámara, insístese que os xuíces non son os responsables de mover as cámaras. Hai que informar á FGA para que cando unha delegación pida unha proba, ten que facerse responsable do traslado da cámara de foto-finish.

Sobre a tarifa de montaxe complexo de foto-finish, se informa que dita tarifa elimínouse e xa non é de aplicación. Se insiste que as únicas tarifas aplicables son as publicadas na páxina web.

A petición de Anxo, acórdase que en nas oposicións non hai que atender reclamacións xa que para iso hai un tribunal. Non se debe nomear xuíz árbitro xa que non hai reclamacións a atender pola súa parte.

A delegación de Vigo comenta o tema dos gastos de desprazamento entre delegacións. Destácase que non hai un tema unificado, en algunhas delegacións páganse en man e en outras o luns. Acórdase en xeral que ambos procedementos son válidos, e que incluso pódese pagar por adiantado se se informa dos coches con antelación. Insístense en que os gastos de desprazamentos deben trasladarse como moi tarde en 48h despois da proba. Que non pode admitirse que a FGA reciba gastos tras máis de 2 semanas rematada a proba.

A delegada en Vigo comenta que ten un xuíz que foi xuíz fai tempo e que quere volver. Coméntase que hai un procedemento para elo e que tras actuar como auxiliar en varias probas, a delegada informará se está en condicións de renovar como xuíz ou non.



Anxo Pérez pregunta se hai algo escrito sobre horas de corte nas carreiras de ruta. Respóndese que non, que é cuestión do organizador.

Traslada tamén a preocupación dun entrenador pola mala xestión das caídas. Suxire facer un panel pero se desestima por parte dos presentes, xa que se considera un tema de formación xeral dos xuíces.

Manuel Garrido comenta que xa fixo limpeza do panel de saídas e que faltan 2 persoas de Santiago por examinar. Comenta tamén a previsión a medio prazo de organizar un curso de saídas a nivel nacional en Galicia.

Dolores Rojas agradece que saíron adiante todas as probas de marcha e agradece aos delegados e aos xuíces do panel de marcha pola súa dispoñibilidade.

Jorge Blanco comenta que haberá un curso de ascenso ao panel A de medidores en ruta por parte do CNJ e que acudirá Andrés Anxo xa que era o único candidato que cumpría os requisitos. Comenta que vería ben ter polo menos 2 xuíces novos no panel B.

Eloy Bretal comenta que necesitamos cubrir a responsabilidade de revisión dos informes de xuíces árbitros, que estaba realizando Francisco Javier Guijarro. Manuel Garrido acepta dita responsabilidade e ocuparse de dita revisión dos informes de xuíces árbitros.

Sen máis preguntas dos asistentes, e unha vez agradecida a presenza por parte do presidente, dáse por rematada a reunión ás 19:20 horas.

Fdo: Guillermo Sandino Leira

(Secretario do Comité Galego de Xuíces)